

PLAN ANUAL DE ORIENTACIÓN

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

CURSO 2023/24

Tabla de contido

1. INTRODUCCIÓN	2
1.1. Marco legal	3
1.2 Xustificación baseada no contexto	3
2. OBXECTIVOS	8
2.1. OBXECTIVOS XERAIS	8
2.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	8
3. LIÑAS DE ACCIÓN PRIORITARIAS.....	10
4 PLANIFICACIÓN XERAL	12
4.1 Apoio ó proceso de ensino-aprendizaxe	12
4.2 A acción titorial	15
4.3 A orientación académico-profesional	20
5. RECURSOS.....	22
5.1 Recursos humanos.....	22
5.2 Recursos materiais.....	23
5.3 Recursos organizativos.....	24
6. TEMPORALIZACIÓN	24
1º TRIMESTRE.....	24
2º TRIMESTRE.....	25
3º TRIMESTRE.....	26
7. METODOLOXÍA	26
8. AVALIACIÓN.....	27
9. PROGRAMACIÓN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA.....	29

1. INTRODUCCIÓN

Co presente plan preténdese deseñar a orientación dos alumnos/as e do centro seguindo un proceso coherente ó longo da vida escolar contribuíndo dende o departamento á consecución dos obxectivos educativos como meta xeral.

No plan anual atenderase o seguimento do alumnado ao longo dos distintos niveis e etapas educativas que se imparten no propio centro e no adscrito, prestando especial atención á coordinación entre as ensinanzas de educación infantil, primaria e secundaria.

A orientación desde o punto de vista do alumnado aparece como un dereito que ten que concretarse nun conxunto de servizos e actividades que o sistema educativo debe ofrecer. O eixo básico do seu desenvolvemento constituiríao a función titorial.

Considerando o contexto anterior, cabe dicir que, xunto a outras funcións da intervención educativa, o labor preventivo garante ao longo do tempo a seguridade de conseguir cotas máis elevadas de calidade educativa, polo que os profesionais deste campo somos conscientes da importancia de posibilitar recursos persoais e materiais que fagan posible a posta en marcha de programas preventivos.

Asumimos o chamado enfoque por programas no que a organización das tarefas resposta a unha definición explícita de obxectivos, que ordena plans que especifican qué se vai facer, cómo se vai facer, cándo e porqué, así como cales serán os recursos, instrumentos e criterios de avaliación.

As intervencións en orientación educativa deben estruturarse en todos e cada un dos niveis do sistema (titoría, Departamento de Orientación e Equipo de Orientación Específico), seguindo como decimos un enfoque de programas no que destacan os seguintes rasgos fundamentais:

- 1.- Esta baseado nun traballo de equipo onde todos e cada un dos membros conta cunha misión concreta, definida a partir de plans específicos de actuación.
- 2.- Concrétase en plans que especifican claramente os seus obxectivos, metodoloxía, actividades, recursos, etc
- 3.- Inclúe un sistema de avaliación, preferentemente continua, que permita valorar a efectividade do programa e tomar decisións para a súa mellora.

Esta organización de tarefas require un modelo xeral de planificación que implica a avaliación das necesidades, unha planificación de obxetivos, a posta en marcha do programa, así como avaliación do mesmo.

1.1. Marco legal

Este plan de Orientación está fundamentado, entre outros, nos seguintes textos legais:

A **nivel estatal**, hai que facer referencia ás seguintes disposicións:

- ❖ Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- ❖ Lei Orgánica 3/2020, del 29 de diciembre, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. No seu Título Preliminar, artigo 1º, recollen os principios da educación entre os que se atopa a orientación educativa e profesional dos estudantes como medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en valores, destrezas e coñecementos.
- ❖ Real Decreto Legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Ley Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión (Deroga a LISMI).
- ❖ Lei 6/2022, do 31 de marzo, de modificación do texto refundido da Lei Xeral de Dereitos das Persoas con Discapacidade e de inclusión social, aprobado polo R.D.Legislativo 1/2013, do 29 de novembro, para establecer e regular a accesibilidade cognitiva e as súas condicións de esixencia e aplicación.
- ❖ Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade.
- ❖ Lei 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia, participación, da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

A **nivel autonómico**, hai que facer referencia ás seguintes disposicións:

- ❖ Decreto 120/1998 que regula a orientación educativa e profesional. Ampliado pola Orde do 24 de xullo dese mesmo ano, establecendo no seu artigo 15º a estrutura do noso Plan de actuación.
- ❖ Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan as instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ❖ Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria. (obxecto das nosas funcións de traballo).
- ❖ Decreto 374/1996 polo que se establece o Regulamento Orgánico dos Centros de Educación Infantil e Primaria. (ao contar con centro adscrito destas características).

- ❖ Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- ❖ Decreto 229/2011 polo que se establece e regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da CCAA de Galicia.
- ❖ Orde do 8 de setembro de 2021, polo que se desenvolve o Decreto 229/2011 polo que se establece e regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da CCAA de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006.
- ❖ Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ❖ Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- ❖ Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ❖ Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- ❖ Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se regula o Observatorio Galego de Convivencia Escolar.
- ❖ Resolución do 19 de xullo de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece a Rede de Acompañamento e Orientación persoal e familiar de Galicia (RAOGAL), creada con carácter experimental ao abeiro da resolución do 14 de xuño de 2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, para o curso 2022-2023.
- ❖ Resolución do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24.
- ❖ Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

1.2 Xustificación baseada no contexto

Antes de sinalar uns obxectivos para o plan de orientación, temos que analizar o noso contexto educativo, para así poder dar unha resposta o máis axustada posible á realidade. Esta avaliación de necesidades constitúese na primeira fase da intervención orientadora no modelo de programas. Unha realidade da cal debemos de coñecer as necesidades sentidas e polo tanto explícitas do centro e como non, teremos de desentrañar aquelas que están implícitas, que non son sentidas polo tanto, pero que denotan unha necesidade de intervención.

Para que o noso plan de intervención do D.O. sexa efectivo, é preciso coñecer os aspectos seguintes:

1. Contexto sociocultural e económico: recursos educativos, asistenciais, e sociais da zona.
2. Contexto físico-xeográfico: rural, urbano (no centro, na periferia, etc.).
3. Centro: tipo de profesorado, alumnado, oferta educativa.
4. D.O.: membros, funcións, ubicación espacial, equipamento do D.O..

Características do contorno e do centro

O I.E.S. sitúase no concello de Oleiros e a realidade socioeconómica e demográfica de Oleiros está moi condicionada pola proximidade da cidade de A Coruña xa que forma parte da súa área metropolitana xunto cos concellos de Cambre, Culleredo, Carral e Arteixo.

A pesar de estar separados pola ría, as relacións entre A Coruña e Oleiros sempre foron estreitas, comunicándose no pasado ambos municipios por mar ou polo "Camiño Real de Castela" que cruzaba a ría pola ponte medieval de O Burgo. A comunicación viuse potenciada a principios deste século coa construción da Ponte do Pasaxe.

Poboación

A poboación de Oleiros experimentou un notable incremento nos últimos anos, o que contrasta coas baixas taxas de natalidade. Trátase, por tanto, dun crecemento debido principalmente á inmigración e a sobre todo persoas pertencentes a un clase económica e cultural medio-alta. O feito de que actúe como foro de desconxestión da cidade de A Coruña axuda a explicar este despegue demográfico. O incremento da densidade de poboación foi tan alto que o municipio na súa globalidade podería pasar a ser cualificado como semiurbano, aínda que sobreviven zonas tipicamente rurais. A unidade demográfica e social en Galicia é a "Parroquia".

Varias parroquias constitúen un "Municipio" que lles dá unidade administrativa. O Municipio de Oleiros está formado por nove parroquias: Dexo, Dorneda, Iñás, Liáns, Maianca, Nós, Oleiros, Perillo e Serantes. Cada parroquia está constituída por varias unidade singulares de poboación denominadas "Aldeas", que chegan a ser 92 no municipio de Oleiros, existindo, ademais, numerosas casas illadas.

Esta dispersión de poboación é típica en Galicia pola súa configuración xeográfica, ao que se engade o minifundismo agrario. A parroquia máis poboada é Perillo (onde se asenta o I.E.S., máis de ¼ da poboación municipal), sendo tamén a que experimentou un maior crecemento de poboación. Esta parroquia pode ser considerada semiurbana. O feito de terse convertido nunha importante zona turística, polo atractivo do seu campo e praias, provoca un considerable aumento de poboación nos meses de verán, especialmente en Agosto. Ademais moitos coruñeses teñen a súa segunda residencia neste municipio. O concello conta cunha poboación total de máis de 30.000 habitantes.

Actividades económicas

Tradicionalmente a poboación deste municipio dedicábase a actividades laborais do sector primario, dada a riqueza pesqueiro-marisqueira das súas costas e a boa produtividade das súas terras. Pero na actualidade estase producindo unha progresiva terciarización, alcanzando unha especial forza o sector servizos en detrimento dos sectores secundario e primario. Así pódese apreciar un alto grao de concentración de servizos de hostalería nos núcleos costeiros como Santa Cristina.

Nas décadas dos anos 60 e 70 instaláronse ao longo da estrada N-VI (Madrid- A Coruña) a maior parte das escasas industrias existentes no municipio: formigón, pensos, metalgrafitas... así como obradoiros, almacéns e algunhas instalacións comerciais (automóbiles, mobles...).

O centro: I.E.S. Xosé Neira Vilas

O I.E.S. Xosé Neira Vilas conta cun cadro de persoal de **39 docentes**, dos cales a maior parte ten destino definitivo no centro. O nº de alumnado por cursos é o seguinte:

1º ESO A: 25 alumnos/as	4º ESO A: 40 alumnos/as
1º ESO B: 25 alumnos/as	4º ESO B: 30 alumnos/as
1º ESO C: 22 alumnos/as	1º BACH A: 24 alumnos/as
2º ESO A: 24 alumnos/as	1º BACH A: 13 alumnos/as
2º ESO B: 24 alumnos/as	2º BACH A: 28 alumnos/as
2º ESO C: 24 alumnos/as	2º BACH B: 26 alumnos/as
3º ESO A: 23 alumnos/as	
3º ESO B: 25 alumnos/as	
3º ESO C: 26 alumnos/as	
TOTAL alumnado: 370	

O alumnado NEAE recibirá as MAD ordinarias e extraordinarias en función do caso recollidas na Orde do 8 de setembro do 2021 de atención á diversidade mencionada e será función da XDO velar polo cumprimento do seguimento das pautas recollidas a nivel de aula nos Protocolos da Consellería en función de cada tipo de NEAE.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica continúa contando cos mesmos membros que o curso anterior, aínda que foi nomeado algún xefe de departamento novo que se incorporou á mesma de forma activa. O instituto dispón de:

- Gimnasio
- Pistas deportivas
- 2 Aulas de informática
- Aula de música
- Aula de debuxo
- Taller de tecnoloxía
- Laboratorio de bioloxía
- Laboratorio de física
- Laboratorio de química
- Biblioteca
- Despachos de Dirección
- Zona de administración
- Departamentos didácticos e de orientación
- Salón de actos

Organización do departamento de orientación

Para o presente curso o Departamento de Orientación do I.E.S “ Plurilingüe Xosé Neira Vilas “ estará composto polos seguintes membros:

PROFESOR	CARGO
Ana Mariño Santiago	Xefa do D. de Orientación do CEIP “Valle Inclán”
Maria José Deive Deive Rejo	Profesora de Pedagogía Terapéutica
Mercedes López-Mayán Navarrete	Profesora do ámbito lingüístico-social
Laura Fernández Villarino	Profesora do ámbito científico-tecnolóxico
Lorena Insua Gómez	Xefa do Departamento de orientación IES Xosé Neira Vilas.

Neste curso escolar 2023-2024 a responsable de UACO ten o centro base no noso IES:

Marta Susana Dopico Vázquez

O contexto de actuación será o que se refire ao propio centro e ao centro adscrito, fixándose as seguintes reunións:

- As reunións semanais de departamento para a coordinación na atención ás necesidades educativas especiais do alumnado están establecidas os **Martes de 11:20 a 12:10.**
- Trimestralmente realizarase a reunión con todos os membros do departamento (centros adscritos) na hora que se acorde e terá en conta a dispoñibilidade da nosa compañeira orientadora do CEIP adscrito.

2. OBXECTIVOS

Os obxectivos propostos nacen das necesidades do centro que coñecemos con anterioridade a través da detección de necesidades.

2.1. OBXECTIVOS XERAIS

- ❑ Favorecer o desenvolvemento psicosocial e unha resposta educativa axustada as necesidades dos alumnos do centro educativo.
- ❑ Implicar as familias nas actividades do centro, creando canles de comunicación e intercambio priorizando as novas tecnoloxías.
- ❑ Fomentar a cooperación coas distintas institucións do entorno, utilizándoo a súa vez como recurso educativo.
- ❑ Desenvolver accións formativas para o profesorado, que faciliten a coordinación docente.
- ❑ Potenciar a apertura do centro á comunidade, en sentido extenso (zona), utilizando as posibilidades que nos ofrece as novas tecnoloxías para establecer canles de colaboración.

2.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Obxectivos relacionados co departamento de orientación

- ❑ Elaborar dentro da páxina Web do I.E.S. Actualización do [blog de orientación](#)
- ❑ Adquirir material psicopedagóxico para o D.O..
- ❑ Elaborar o plan anual e actuación do departamento de orientación.
- ❑ Elaborar a memoria do departamento.
- ❑ Desenvolver formas de participación e colaboración cós outros D.O. dos centros educativos da zona.

Obxectivos relacionados co centro

- ❑ Asesorar para a elaboración do proxecto educativo e as programacións didácticas.
- ❑ Elaborar plantilla-modelo para o plan específico de reforzo para alumnado con materias pendentes que se incluírá na aula virtual no curso de funcionamento interno
- ❑ Elaborar plantilla-modelo para o plan específico de reforzo para alumnado repetidor que se incluírá na aula virtual no curso de funcionamento interno
- ❑ Elaborar plantilla-modelo para o plan de reforzo para alumnado con materias pendentes que se incluírá na aula virtual no curso de funcionamento interno
- ❑ Elaborar unha presentación con aspectos a desenvolver na reunión inicial de cada titora ou titor coas familias do seu alumnado
- ❑ Elaborar unha presentación coa estrutura e elementos curriculares do novo decreto de currículo da ESO e Bacharelato
- ❑ Actualizar o site "[cartafol do titor](#)" para o desenvolvemento da acción tutorial.
- ❑ Elaborar unha presentación coa nova normativa sobre a avaliación e promoción na ESO e Bacharelto
- ❑ Asesorar na elaboración das Adaptacións Curriculares utilizando como ferramenta de traballo a aplicación [PROENS](#).
- ❑ Colaborar e seguir formando parte do equipo de convivencia e mediación do centro.
- ❑ Coordinación e seguimento dos casos nos que se solicita a intervención da responsable de UACO.
- ❑ Colaborar na solicitude dos contratos-programa na modalidade Convive-T

Obxectivos relacionados co alumnado

- ❑ Realizar a avaliación psicopedagóxica así como o posterior informe de avaliación psicopedagóxica, dos alumnos con necesidades educativas especiais, e participar no desenvolvemento das posibles medidas que requiran.
- ❑ Dar información de cara á avaliación inicial do alumnado que se atope en situación especiais.
- ❑ Intervir na detección precoz de necesidades educativas.
- ❑ Propiciar un desenvolvemento vocacional óptimo dos nosos alumnos.

Obxectivos relacionados co profesorado

- ❑ Dinamizar a función tutorial, a través do site [cartafol do titor](#) facilitando os recursos e materiais necesarios. **A este respecto, este curso, esta labor vese dificultada, pola inexistencia de reunións de titores por niveles da ESO.** Asesorar ó profesorado no deseño e implementación das medidas de atención á diversidade.

- Propiciar accións de traballo, coñecemento e colaboración cos pais e nais do alumnado.

Obxectivos relacionados cos pais e nais

- Potenciar as relacións entre os pais e nais e: o profesorado-titor, o profesorado das distintas áreas e o profesorado de apoio (no caso de familias con fillos con necesidades educativas especiais).
- Asesorar ós pais e nais dunha forma xeneralizada (a través dun programa) e individualizada.
- Dar a coñecer os distintos recursos do medio: axudas, bolsas, asociacións, bibliotecas, polideportivos, etc.; que lle poden servir de gran axuda sobre todo as familias en situación de risco social.

Obxectivos relacionados coa contorna

- Potenciar unha comunicación máis fluída co terceiro nivel da orientación: o E.O.E.
- Favorecer a apertura do centro ó entorno: mediante a difusión de experiencias, os intercambios de información con outros centros, a oferta de actividades do centro ó medio, etc.
- Crear lazos de cooperación coas institucións do entorno: Concello, Servizo Galego de Colocación, Oficina de Emprego...

3. LIÑAS DE ACCIÓN PRIORITARIAS

□ *A acción titorial:*

Compre sinalar que a acción titorial non sería un ámbito en si mesma senón máis ben o nivel de orientación mediante o cal se canalizan a maioría das accións orientadoras no noso centro educativo, aínda cando existan actividades específicas fora da actividade da aula ordinaria. A intervención no ámbito titorial forma parte da función docente e, en certa medida, identifícase con ela. Dende unha perspectiva educativa, a titoría debe incorporar aqueles elementos que van máis alá do puramente académico e que poden axudar ó desenvolvemento de proxectos de vida máis autónomos e responsables. Aínda que todo profesor/a na súa propia tarefa docente implicitamente desenvolve a función titorial, esta queda representada na figura do titor/a, sendo o Departamento de Orientación un medio de asesoramento para apoiar as accións referentes a esta competencia.

O Plan de Acción Titorial (P.A.T.) é fundamental nunha etapa educativa como a ESO, posto que neste período dáse unha maior diversidade do alumnado, o cal plantexa unha problemática de adaptación e de integración persoal e escolar.

No bacharelato a acción titorial non é menos importante pero ten un carácter diferente polas necesidades especiais dos alumnos e polas características da etapa na que se atopan.

Se ben abordará os mesmos aspectos que na etapa anterior da E.S.O. aínda que incidindo máis na acción tutorial individualizada.

Como xa se indicou con anterioridade, utilizarase unha ferramenta de google, co nome de [“cartafol do titor”](#) (enlazado na aual virtual do Instituto no espazo reservado para o profesorado)“para dinamizalo, xa que nos últimos dous curso non hai reunións semanais de titores por nivel

❑ ***A orientación académico-profesional:***

A orientación vocacional ten por obxecto axudar ó alumno a valorar e actualizar as súas preferencias académicas e profesionais para que poidan formular libre e responsablemente a súa decisión persoal, que deberá concretar nun plan ou proxecto concreto de futuro. O proceso de toma de decisións, tendente á auto-orientación, será realizado polo propio alumnado, nunca por outros membros da comunidade educativa (pais/nais, profesores/as, titor/a, orientador) que si teñen, en cambio, a responsabilidade de ofrecerlle a orientación e información que precisen para levalo a cabo.

A orientación profesional será tratada en toda a E.S.O. de xeito progresivo, así nos cursos 1º e 2º incidirase no autoconñecemento e na aprendizaxe dos procesos de toma de decisións; e en 3º e 4º curso no coñecemento das alternativas que se lle presentan ao rematar a escolaridade obrigatoria.

No BAC sobre todo priorizando en 2º, esta vertente será a prioritaria a traballar cos alumnos, posto que non existe hora semanal de tutoría grupal. No Bacharelato a orientación académica tratará de incidir na toma de decisións de opcións académicas ao rematar a etapa así como na orientación sobre a organización da selectividade.

Así mesmo, teremos en conta que haberá alumnos que desexen incorporarse ao mundo laboral ó rematar esta etapa, polo que tamén terase en conta a necesidade de orientalos cara á consecución de emprego así como dos recursos existentes fóra do centro que se dedican á orientación laboral.

❑ ***Atención á diversidade:***

Como a escolaridade obrigatoria é ata os dezaseis anos, isto supón adoptar unha organización que asegure e posibilite unha formación básica que responda ás características de tódolos alumnos/as. O Departamento de Orientación colaborará no axuste da axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado, ben sexa a través da intervención directa ou ben facilitando recursos e estratexias que incidan nos ámbitos que, interrelacionados cos procesos de ensino e aprendizaxe, manifestan a diversidade, tales como son a capacidade para aprender, os estilos de aprendizaxe e os intereses dos/as alumnos/as.

4.1 Apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe

Como a escolaridade obrigatoria é ata os dezaseis anos, isto supón adoptar unha organización que asegure e posibilite unha formación básica que responda ás características de todos os alumnos/as. O Departamento de Orientación colaborará no axuste da axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado, ben sexa a través da intervención directa ou ben facilitando recursos e estratexias que incidan nos ámbitos que, interrelacionados cos procesos de ensino e aprendizaxe, manifestan a diversidade, tales como son a capacidade para aprender, os estilos de aprendizaxe e os intereses dos/as alumnos/as.

ALUMNADO			
OBJECTIVO: Prestar atención ó alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo			
Contidos	Actividades	Temporalización	Responsables
- Avaliación psicopedagóxica - Adecuación de contidos - Adecuación metodolóxica - Evitar barreiras de acceso - Dotación de material específico - Identificación do alumno con neae	Seguimento dos cursos e materias nos cursos onde haxa alumnos con ACS ou reforzos	Todo o curso	X. E. E X.D.O.
	Colaboración ca profesora de PT para a organización do espacio e tempo para unha mellor atención.	Todo o curso	Prof. PT e X.D.O
	Coordinación cos titores e profesorado para o seguimento e valoración das ACS e reforzos educativos	En sesións de avaliación e reunión de titores	X.D.O. e titores
	Coordinación ca Xefatura de Estudos para unha mellor eficacia na atención ao alumnado con n.e.e	Todo o curso	X.E. e X.D.O.
	Asesoramento e orientación ó profesorado que imparta ao alumnado con n.e.e	Todo o curso	X.D.O. e profesores
	Informes psicopedagóxicos	Segundo necesidades	X.D.O. e profesorado implicado
	- Garantizar que se proporcionen os axustes e apoios necesarios para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, tanto no que se refire ó proceso de ensino-aprendizaxe, como ós instrumentos e procedementos de avaliación - Dotar dos coñecementos necesarios ao alumnado con n.e.a.e da competencia dixital. - Solicitude do programa PROA+ - Enviar ao equipo docente o listado de alumnado NEAE (TDAH, Asperger e Dislexia...) que están		

	escolarizados no centro e as pautas de intervención segundo os protocolos establecidos pola Consellería de Educación		
--	--	--	--

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Comprobar en que medida se desenvolveron as ACS e a súa valoración final
- En que medida se fixeron os reforzos demandados
- Como influíu a distribución no tempo e o espazo na atención á diversidade
- Fixeron os titores o seguimento e valoración das ACS e reforzos correspondentes ó seu alumnado
- Cantas demandas de asesoramento foron solicitadas
- Asesoramento solicitado ó D. O. con consecuencias positivas para os implicados no proceso
- Cantos informes foron solicitados e cantos completados
- Con motivo dos informes psicopedagóxicos tomáronse medidas adecuadas no proceso de ensino-aprendizaxe

PROFESORADO

OBXECTIVO: Informar e formar ó equipo docente sobre os aspectos didácticos, metodolóxicos e de avaliación que implica a ESO

Contidos	Actividades	Temporalización	Responsables
• Finalidades e características da ESO • Atención á diversidade e educación comprensiva • A avaliación a acción tutorial • Principios psicopedagóxicos da ESO, como se aprende, zona de desenvolvemento próximo, aprendizaxe significativa • Características psicosociais da adolescencia	• Información específica cando sexa requirida • Intervención nas sesións de avaliacións • Asesoramento no ámbito das medidas de atención á diversidade • Coordinación das titorías • Implicar ó profesorado nos informes de alumnos demandados • Coordinar o proceso de ensino-aprendizaxe das ACIs e reforzos, orientando nas necesidades demandadas • Plantexar na CCP aqueles aspectos que inflúan nunha mellor calidade do ensino e na atención á diversidade	Ó longo de todo o curso	Orientador
		Nas sesións de avaliación	
		Nas reunións das CCP	Orientador e Xefa de Estudos
			Orientador
		Ó longo de todo o curso	Orientador
		Ó longo de todo o curso	Orientador-Profesores
		Ó longo de todo o curso	Orientador
		Ó longo de todo o curso	Orientador
		Nas reunións das CCP	

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Enumerar as actividades realizadas, valorando a implicación do profesorado
- Valorar as repercusións na aula e no proceso de ensino-aprendizaxe das actividades realizadas
- Controlar as decisións tomadas nas sesións de avaliación sobre reforzos e atención á diversidade

• Analizar os resultados do proceso de ensino-aprendizaxe a través dos datos das avaliacións • Seguimento das intervencións , analizando o proceso, o grao de implicación e os resultados			
FAMILIAS			
OBJECTIVO: Contribuir a manter de cooperación e participación entre as familias e o centro			
Contidos	Actividades	Temporalización	Responsables
• Estructura e funcionamento do Centro • Proceso de ensino-aprendizaxe • Medidas de atención a diversidade(Reforzos educativos-agrupamentos específicos, plan de recuperación de pendentes, adaptacións curriculares, programa ARCO	• Seguimento do proceso de ensino aprendizaxe a través das tutorías, • Xornadas informativas-formativas sobre conflitos e clima escolar • Implicar ás familias na información ó alumnado sobre o mundo laboral	Ó longo do curso	Orientador-Titores Orientador. Orientador Orientador
CRITERIOS DE AVALIACIÓN • Enumerar as actividades realizadas e valoración da implicación e participación das familias e do centro • Valoración das influencia das actividades no rendemento escolar do alumnado • Valoración das familias sobre as actividades realizadas			

FAMILIAS			
OBJECTIVO: Implicar ós propios pais nas actividades do centro como membros da comunidade educativa a través da información académica e da formación familiar			
Contidos	Actividades	Temporalización	Responsables
• Estructura do Sistema Educativo • Saídas educativas ó remate da ESO • Saídas profesionais ó remate da ESO • Itinerarios do Bacharelato • Implicación no proceso educativo dos fillos e fillas • A mediación escolar como resolución de conflitos	• Charlas e debates para informar do Sistema Educativo e das saídas académicas e profesionais • Charlas de pais ou nais de alumnos sobre os seus traballos • Xornadas de portas abertas para mostrar o centro ás familias. • Xornadas de formación familiar para axudar ós fillos no proceso de ensino aprendizaxe. • Información ós pais sobre o plan de convivencia do Centro e	3º trimestre 2º e 3º trimestre 3º trimestre 2º trimestre	Orientador, Or. – Titor-Dtor- Director-Orientador Director-Orientador

	animar os pais a formar parte do Departamento de Mediación	1º trimestre	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN • Enumeración das actividades realizadas e valoración da implicación e participación das familias e do centro • Valoración da influencia das actividades no rendemento escolar do alumnado • Valoración das familias sobre as actividades realizadas			

CENTRO			
OBXECTIVO: Asesorar e orientar ó Equipo Directivo para a definición do ideario do centro.			
Contidos	Actividades	Temporalización	Responsables
• Plan de acollida • Medidas de atención á diversidade	• Colaboración no plan de acollida no que se recollen actuacións dirixidas á identificación das necesidades educativas en coordinación coas persoas titoras, as medidas e programas para a atencións das mesmas así como accións dirixidas ao coidado do benestar da comunidade educativa	O longo do curso	Director-Orientador
		O longo do curso	Director-Orientador
	• Presentar as modificacións do plan de orientación		Director
	• Asesoramento psicopedagógico ó departamento de mediación do centro		Director-Orientador
CRITERIOS DE AVALIACIÓN • Enumerar as actividades realizadas e valoración da súa repercusión no clima escolar e na implicación educativa do profesorado • Recollida de información valorativa do claustro, departamentos e seminarios, sobre as actividades do centro			

4.2 A acción tutorial

Como xa quedou reflectido anteriormente, a acción tutorial forma parte da función docente e, en certa medida, identifícase con ela. Dende unha perspectiva educativa, a tutoría debe incorporar aqueles elementos que van mais alá do puramente académico e que poden axudar o desenvolvemento de proxectos de vida mas autónomos e responsables. Aínda que todo profesor/a na súa propia tarefa docente implicitamente desenvolve a función tutorial, esta queda representada na figura do/a titora, sendo o Departamento de Orientación un medio de asesoramento para apoiar as accións referentes a esta competencia.

O PAT é fundamental nunha etapa educativa como a ESO, posto que é unha etapa na que se da unha maior diversidade do alumnado, o cal plantexa unha problemática de adaptación e de integración persoal e escolar.

Desenvolvemento da acción tutorial debe abordar os seguintes aspectos:

1. coñecemento e seguemento persoal do alumno/a a través de actividades de coñecemento das súas aptitudes, capacidades, motivación, grado de responsabilidade...
Este coñecemento constituirá o punto de partida para, en colaboración co resto de profesores/as e do DO, deseñar estratexias que permitan incidir na mellora do desenvolvemento persoal e no rendemento académico.
2. A relación co grupo-clase: actividades que permitan lograr un clima adecuado de aula, a cohesión do grupo e posibilidades de participación nas decisións de aula.
3. A relación coas familias: a través de reunións periódicas ó longo de todo o curso o titora deberá coñecer as expectativas das familias con respecto ós fillos e establecer actuacións coordinadas entre a familia e o centro.
4. A relación co equipo docente: débese procurar que exista unha proposta pedagóxica común por parte do equipo do grupo de alumnos/as, así mesmo o titor deberá coordinar as respostas educativas que cada docente aporte dente as súas distintas programacións. Coordinar a avaliación inicial como un momento principal de detección de necesidades , así como elaborando materiais para a recollida de información sobre datos de alumnos que son importantes para dar a coñecer ó resto de profesores: historial académico, repetidores, absentismo escolar, expedientes disciplinarios, alumnos con RE, ACS, Agrupamentos flexibles...elaboración de pautas para recibir o alumnado estranxeiro
5. A relación coa dirección do centro: Poder participar na elaboración de criterios pedagóxicos para a selección dos titores, establecer pautas e actuación para a acollida de profesores/titores que substitúan a outros, interinos, e en prácticas, proposta na CCP da modificación na implementación do programa de habilidades de vida impartido por ASEDUC .Preparación das xornadas de acollida e de transición entre etapas.
6. No Bacharelato a acción tutorial non é menos importante pero ten un carácter diferente polas necesidades especiais dos alumnos e polas características da etapa na que se atopan. Se ben abordará os mesmos aspectos que na ESO aínda que incidindo máis na acción tutorial individualizada.

CRONOGRAMA DE ACTUACIÓNS

CRONOGRAMA TITORÍA SETEMBRO		
SEPTEMBRO	ACTUACIÓNS	RECURSOS
1. Tarefas de xestión da titoría	Recabar información do alumnado:	Historial académico, informes de avaliación individualizados de anos anteriores..
	Coñecer as funcións e aplicar os procedementos habituais da labor titorial (controlar o absentismo, funcionamento do SIXA ...	Protocolo e anexos de absentismo publicados pola Consellería de Educación
2. Actuacións individuais	Empezar a realizar entrevistas individuais ó alumnado e familias	Informes de SIXA
3. Actuacións grupais co alumnado	Actividades de acollida e integración co grupo na hora semanal de titoría Actividades para a educación de emocións tan importantes nestes tempos de pandemia. Normas de funcionamento do centro e establecemento de normas de aula.	Recursos do cartafol do titor organizado en bloques de actividades para traballar co alumnado https://sites.google.com/site/cartafoldotitor/home
4. Tarefas de coordinación académica	Revisión e distribución definitiva de alumnos según medidas educativas	Informes de anos anteriores
CRONOGRAMA TITORÍA OUTUBRO		
OUTUBRO	ACTUACIÓNS	RECURSOS
1. Tarefas de xestión da titoría	Facer o seguimento e control do absentismo escolar mensualmente	Programa SIXA
	Convocar a reunión coas familias	Programa SIXA
2. Actuacións individuais	Realización de entrevistas individuais coas familias e con alumnos	Informes SIXA
3. Actuacións grupais co alumnado	Elección de Delegado	Recursos do cartafol do titor organizado en bloques de actividades para traballar co alumnado https://sites.google.com/site/cartafoldotitor/home
5. Tarefas de coordinación	Adaptar as orientacións recollidas	Protocolos da Consellería

académica	nos distintos protocolos e informes para cada alumno con TDAH, Asperger, Dislexia.. Preparar e dirixir a sesión de Avaliación Inicial	Informes de gabinetes externos Informes de Asperga Informes de Latento Informes de Saúde Mental Aula Virtual do Instituto
-----------	--	---

CRONOGRAMA TITORÍA NOVENBRO		
NOVENBRO	ACTUACIÓNES	RECURSOS
1.Tarefas de xestión da tutoría	Seguimento do absentismo	SIXA
2. Actuacións individuais	Realización de entrevistas individuais coas familias e con alumnos. Alumnado con conductas disruptivas: atención na aula de convivencia e inclusión educativa.	Informes SIXA Actividades para facilitar ó alumnado a análise da conducta inapropiada
3. Actuacións grupais co alumnado	Programa de Técnicas de Estudo	Recursos do cartafol do titor organizado en bloques de actividades para traballar co alumnado https://sites.google.com/site/cartafoldotitor/home
4. Tarefas de coordinación académica	Reunións co equipo docente para a elaboración ACS , distribución do alumnado nas aulas para mellorar o funcionamento do grupo	Aplicación PROENS.

CRONOGRAMA TITORÍA DECEMBRO		
DECEMBRO	ACTUACIÓNES	RECURSOS
1.Tarefas de xestión da tutoría	Seguimento do absentismo	SIXA
2. Actuacións individuais	Realización de entrevistas individuais coas familias e con alumnos. Alumnado con conductas disruptivas: atención na aula de convivencia e inclusión educativa.	Informes SIXA Recursos do cartafol do titor organizado en bloques de actividades para traballar co alumnado https://sites.google.com/site/cartafoldotitor/home

3. Actuacións grupais co alumnado	Preavaliación	Recursos do cartafol do titor organizado en bloques de actividades para traballar co alumnado https://sites.google.com/site/cartafoldotitor/home
5. Tarefas de coordinación académica	Sesión de avaliación	Acta da 1ª avaliación Estatística

CRONOGRAMA TITORÍA XANEIRO-FEBREIRO		
XANEIRO-FEBREIRO	ACTUACIÓNS	RECURSOS
1.Tarefas de xestión da titoría	Seguimento do absentismo	SIXA
2. Actuacións individuais	Realización de entrevistas individuais coas familias e con alumnos. Alumnado con conductas disruptivas: atención na aula de convivencia e inclusión educativa.	Informes SIXA Recursos do cartafol do titor organizado en bloques de actividades para traballar co alumnado https://sites.google.com/site/cartafoldotitor/home
5. Tarefas de coordinación académica	Coordinación co equipo docente para facer un seguimento do alumnado con medidas de atención á diversidade	Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe establecidos para estes alumnos
CRONOGRAMA TITORÍA MARZO-ABRIL		
MARZO	ACTUACIÓNS	RECURSOS
1.Tarefas de xestión da titoría	Sesión de avaliación	Acta da 2ª avaliación Estatística
2. Actuacións individuais	Accións para dar a coñecer ós pais e ós alumnos as características e organización de etapas posteriores	Blogue de Orientación
3. Actuacións grupais co alumnado	Accións relacionadas coa orientación-académica: Itinerarios académicos acordes cos intereses profesionais	Materiais elaborados polo Departamento de Orientación: Blogue de Orientación
5. Tarefas de coordinación académica	Coordinación co equipo docente para facer un seguimento do alumnado con medidas de atención á diversidade Análise de resultados da segunda avaliación	Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe establecidos para estes alumnos Actas de avaliación

CRONOGRAMA TITORÍA MAIO-XUÑO		
MAIO	ACTUACIÓN	RECURSOS
1. Tarefas de xestión da tutoría	Sesión de avaliación	Acta da 3ª avaliación Estatística
2. Actuacións individuais	Accións relacionadas coa orientación-académica: Itinerarios académicos acordes cos intereses profesionais	Blogue de Orientación
3. Actuacións grupais co alumnado	Continuar coa orientación académica profesional Realización dunha enquisa ó alumnado que finaliza a Primaria do centro adscrito para coñecer as súas inquedanzas, temores...	Materiais elaborados polo Departamento de Orientación: O paso ó Instituto
4. Actuacións grupais con familias	Reunión coas familias do alumnado que inicia a Secundaria (condicionado á situación sanitaria)	Materiais elaborados polo Departamento de Orientación: De Primaria a Secundaria
5. Tarefas de coordinación académica	Coordinación co equipo docente para facer un seguimento do alumnado con medidas de atención á diversidade Análise de resultados da segunda avaliación	Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe establecidos para estes alumnos Actas de avaliación

4.3 A orientación académico-profesional

A Orientación Vocacional ten por obxecto axudar ó alumnado a valorar e actualizar as súas preferencias académico-profesionais para que poida formular libre e responsablemente a súa decisión persoal, que deberá concretar nun plan ou proxecto concreto de futuro. O proceso de toma de decisións, tendente á auto-orientación, será realizado polo propio alumnado, nunca por outros membros da comunidade educativa (pais/nais; profesor/a, titor/a, orientador/a) que si teñen, en cambio, a responsabilidade de ofrecerlle a orientación e información que precisen para levalo a cabo.

A Orientación vocacional será tratada en toda a ESO de xeito progresivo, así nos cursos 1º e 2º incidirase no autocoñecemento e na aprendizaxe dos procesos de toma de decisións; e en 3º e 4º no coñecemento das alternativas que se lle presentan ó rematar a escolaridade obrigatoria.

No Bacharelato a orientación académica incidirá na toma de decisións de opcións académicas ao rematar a etapa así como na orientación sobre a proba ABAU. Así mesmo, teremos en conta que haberá alumnado que desexan incorporarse ao mundo laboral ao rematar esta etapa, polo que tamén teremos en conta a necesidade de orientarlles cara á consecución de emprego así como dos recursos existentes fóra do centro que se adican a orientación laboral.

Sen perder de vista o referente básico que é o de contribuír á personalización da educación, favorecendo a formación integral do alumno/a, o Plan de Acción Titorial e o Plan de Orientación Académico-Profesional, terán en conta os seguintes ámbitos de actuación:

- A tutoría individual: pon énfase na relación persoal do/a titor/a con cada alumno/a cunha finalidade claramente orientadaora, dirixida a axustar a resposta educativa ás necesidades do alumnado, dende a perspectiva da individualización do insino.
- A tutoría grupal: é un complemento da tutoría individual, que se concreta tanto na relación do/a titor/a co grupo de alumnos/as, como nas actuacións do resto de profesorado que actúa sobre un grupo. As actividades de tutoría están coordinadas polo profesor-titor.
- A tutoría en relación coas familias: trátase de conseguir que as familias colaboren para a consecución dos obxetivos programados no ámbito dos alumnos/as, coa súa información, actitude e intervención. O/a titora canaliza a información relevante aportada polas familias e transmítea ó profesorado do grupo e viceversa.

O alumnado, a partir do seu ingreso na ESO e xa dende 6º de Educación Primaria, ten que facer diversas eleccións académicas, fundamentalmente referidas a:

- Optatividade na ESO e no Bacharelato.
- Alternativas para o alumnado que siga un PDC.
- Transición á vida profesional.
- Itinerarios nas diversas modalidades de Bacharelato.
- Saídas e conexións coa Formación Profesional.
- A proba ABAU para o alumnado de 2º de Bacharelato.
- Saídas universitarias para Bacharelato.

O labor tutorial deberá centrarse en profundizar no coñecemento das aptitudes, intereses e motivacións de cada alumno/a para axudarlle na toma de decisións sobre o seu futuro académico e profesional, a través dunha orientación directa e inmediata ó longo de todo o proceso formativo. A orientación académico e profesional será proporcionada de forma diversificada e individualizada, de acordo coas características e posibilidades do alumnado. Para acadar este obxectivo, os/as titores/as e o Departamento de Orientación poñerán en práctica estratexias encamiñadas a:

- Coñecemento do alumnado de si mesmo: intereses, afeizóns, aptitudes, condicións socio-familiares.
- Coñecemento por parte do alumnado das posibilidades que lle ofrece o sistema educativo, opcións e itinerarios académico e profesionais.
- Coñecemento por parte do alumnado da realidade do mundo laboral e profesional.
- Propiciar no alumnado a autoorientación, facilitando a reflexión e a capacidade crítica para realizar a toma de decisións.
- Analizar cos alumnos as vantaxas e inconvenientes das distintas opcións e itinerarios educativos e profesionais.
- Facilitar ó alumnado a posibilidade de contactos e experiencias co mundo do traballo.

Para dinamizar as actividades de orientación académico-profesional utilizaráanse como ferramentas tecnolóxicas:

- Blog de orientación (como en anos anteriores)
- correo electrónico
- Aulas virtuais

5. RECURSOS

5.1 Recursos humanos

A acción orientadora, en maior ou menor grao, é competencia de todos/as profesores/as implicados/as no labor educativa. Os obxectivos fixados neste plan así o poñen de manifesto, pois a súa consecución depende de todos e cada un dos compoñentes da comunidade educativa.

Ademais do profesorado de área, existe para a ESO unha profesora de apoio ás NEE, que prestarán axuda ó alumnado que a necesite, de acordo coa planificación establecida para cada caso, asesorado pola orientadora e co visto bo do Xefe de Estudos. Hai que salientar que na ESO adóptanse medidas organizativas para que esta profesora poidan prestar a axuda axeitada ós rapaces con NEE fóra da aula ordinaria (nas áras instrumentais).

Podemos establecer a seguinte clasificación en canto aos recursos humanos:

-do centro:

- * Equipo directivo,
- * Responsable UACO.
- * Equipo de profesores/as,
- * D.O. (X. do D.O., P.T., etc.),
- * Familias,
- * Persoal de administración e servicios (P.A.S.),
- * A.N.P.A. do centro,
- * Etc.

-de fora do centro:

- * Equipo de orientación específico (E.O.E.),
- * Centro de formación e recursos do profesorado (CEFORE),
- * Centro universitario de formación e innovación educativa (C.U.F.I.E.),
- * Servizos Sociais (SS.SS.) de atención primaria e especializada,
- * Sanidade,
- * Consellería de educación e ordenación universitaria,
- * Inspección de educación secundaria,
- * Universidade
- * CIUG.
- * Institucións relacionadas coa discapacidade.
- * Etc.

5.2 Recursos materiais

Recursos materiais

- Documentos do centro.
- Escalas de observación, cuestionarios e probas psicopedagóxicas.
- Expedientes do alumnado.
- Informes psicopedagóxicos.
- Bibliografía específica.
- Páxinas de internet relacionadas coa orientación.
- Programas comercializados.
- Documentos de lexislación educativa.
- Folletos informativos.
- Lexislación educativa.
- Mass-media: artigos de prensa, programas de radio, etc.

- Un ordenador, impresora e escáner.

5.3 Recursos organizativos

- Hora de tutoría grupal ó alumnado da E.S.O.
- Reunións da C.C.P., do claustro de profesores, do consello escolar, entre tutores e profesores, entre o xefe de estudos e os profesores-tutores, do D.O. (semanais e trimestrais), dos distintos departamentos didácticos, das A.N.P.A., etc.
- Sesións de avaliación.
- Entrevistas con representantes de distintas institucións: vía presencial, telefónica, correo electrónico, etc.
- Horarios de atención do D.O. no centro: a pais e nais, alumnos, profesorado, etc.

6. TEMPORALIZACIÓN

Neste apartado inclúese a temporalización daquelas accións de carácter máis xeral e que non se sitúan especificamente en ningún dos ámbitos anteriormente mencionados.

1º TRIMESTRE

- Organización de espazos de orientación.
- Acolida dos novos membros do D.O. a principios de curso.
- Constitución e reunións da C.C.P..
- Constitución e reunións do Departamento de orientación.
- Reunións orientador – tutores.
- Reunións orientador – equipo directivo.
- Reunións orientador – profesora de apoio.
- Adquisición de material.
- Elaboración do plan anual de actuación do departamento de orientación.
- Detección, avaliación e organización da atención ó alumnado con N.E.E..
- Decisión sobre medidas de atención á diversidade (reforzos, A.C.S.s).
- Elaboración dos informes psicopedagóxicos e liñas de actuación na intervención educativa.
- Asesoramento na elaboración das A.C.S.s, se é preciso, dos alumnos con N.E.E..
- Actualización do P.A.T..
- Tratamento dos temas transversais.
- Sesións de avaliación por grupos.

- Avaliación das actividades de tutoría e avaliación do primeiro trimestre.
- Entregar ós titores o resume dos elementos importantes do P.A.T. e P.O.A.P..
- Proporcionar os recursos materiais necesarios ó equipo de titores.
- Elaborar a información a transmitir ó alumnado e as familias sobre as funcións do D.O..
- Realización dun inventario do material do D.O.
- Realizar as reunións cos titores para o seguimento e implementación do P.A.T..
- Crear unha dirección de correo electrónico do D.O..
- Participar nas actividades de formación: congresos, encontros, etc. representando ó centro educativo e elaborar follas informativas sobre as distintas achegas, para dar ó profesorado.
- Atención directa as demandas do profesorado, familias e alumnos.
- Establecer contactos (vía telefónica, etc.) co E.O.E. e institucións da zona.

2º TRIMESTRE

- Análise dos resultados da 1ª avaliación, toma de decisións e plan de actuacións.
- Reunións da C.C.P..
- Reunións orientador – titores
- Reunións orientador – equipo directivo.
- Reunións orientador – profesoras de apoio.
- Realizar as reunións cos titores para o seguimento e implementación do P.A.T..
- Actualización do P.A.T..
- Atención e seguimento das N.E.E. do alumnado.
- Adquisición de material.
- Atención directa as demandas do profesorado, familias e alumnos.
- Tratamento dos temas transversais.
- Sesións de avaliacións.
- Información ao alumnado e ás familias.
- Avaliación de actividades de tutoría e orientación. Participar en actividades de formación: congresos, encontros, etc. representando ó centro educativo e elaborar follas informativas sobre as distintas achegas, para dar ó profesorado.
- Actualizar a información da páxina web do I.E.S. sobre o D.O., así como responder as consultas dos alumnos, familias, etc. a través de correo electrónico.
- Participar en actividades de formación: congresos, encontros, etc. representando ó centro educativo e elaborar follas informativas para dar ó profesorado.
- Atención directa as demandas do profesorado, familias e alumnos.
- Realizar as reunións cos titores para o seguimento da implementación do P.A.T..

- Asistir e participar nas sesións de avaliación dos grupos de alumnos.
- Establecer contactos (vía telefónica...) co E.O.E. e institucións da zona.

3º TRIMESTRE

- Análise dos resultados da avaliación do segundo trimestre.
- Actualización do Plan de Acción Tutorial.
- Tratamento dos temas transversais.
- Realizar as reunións cos titores para o seguimento e implementación do P.A.T..
- Actividades relacionadas con temas transversais.
- Avaliación sumativa do alumnado.
- Atención directa as demandas do profesorado, familias e alumnado.
- Adquisición de material.
- Participar en actividades de formación: congresos, encontros, etc. representando ó centro educativo e elaborar follas informativas sobre as distintas achegas, para dar ó profesorado.
- Establecer contactos (vía telefónica, etc.) co E.O.E. e institucións da zona.
- Avaliación das medidas adoptadas para atender a diversidade.
- Avaliación do apoio ao proceso de ensino e aprendizaxe.
- Avaliación da acción tutorial.
- Avaliación do plan de orientación académico-profesional.
- Elaboración da Memoria Final.

7. METODOLOXÍA

A metodoloxía empregada na posta en práctica deste plan debe favorecer a participación activa e a cooperación de todo os participantes implicados no mesmo. Ó longo da programación quedaron expostos os diferentes modos de traballo e técnicas específicas para acadar determinados obxectivos.

A modo de resumo, o desenvolvemento das actividades estará baseado nas seguintes estratexias:

Reunións entre:

- orientadora-titores e profesores de forma individual.
- orientadora e alumnos de forma individual.
- orientadora-titor-alumnado

- Director-xefe de estudos-orientadora-titores-familia.
- Orientadora-xefe de estudos.
- Orientadora-equipo directivo.
- Orientadora-familias

Outras reunións:

- Departamento
- Xuntas de avaliación.
- Claustro, CCP, Consello Escolar.
- EOE, CEFORE, SIOPE, Servizos Sociais, COGAMI

Entrevistas:

- Con pais/nais e/ou alumno/as.
- Con persoal de institucións ou asociacións do entorno educativo, social, profesional ou cultural.
- Visitas a centros de estudos, institucións, empresas, etc.

8. AVALIACIÓN

A avaliación do plan de orientación terá carácter formativo, polo que contemplará momentos distintos pretendendo así favorecer unha avaliación global:

a) *avaliación inicial:* Recollida de datos para a detección de necesidades, realizada a través de: as suxestións aportadas nas reunións do D.O., da C.C.P., dos departamentos didácticos, da aplicación de distintos instrumentos, etc.

b) *avaliación continua:* Trátase do seguimento da implementación do plan de orientación, teremos que recoller información das reunións cos profesores-titores, coa C.C.P., do propio D.O., etc.

c) *avaliación final:* Realización dunha memoria cos datos aportados polos distintos implicados no plan de orientación. Esta memoria incluírá:

- ❑ Enumeración das actividades realizadas e o seu grado de eficacia e cumprimento;
- ❑ Unha síntese reflexiva sobre os logros conseguidos;
- ❑ As dificultades atopadas;
- ❑ Os factores que influíron nas dificultades;
- ❑ Os aspectos que será preciso modificar e mellorar;
- ❑ As propostas de innovación necesarias.

Compre sinalar que este proceso avaliativo culminará coa elaboración da memoria do D.O. (Orde do 24 de Xullo de 1998).

Será esta unha avaliación na que recolleremos información de tódolos participantes no deseño e posterior implementación do plan de orientación.

En relación ós **instrumentos** de avaliación empregados, estes son os seguintes, tendo en conta que utilizaremos unha metodoloxía mixta (técnicas cualitativas e cuantitativas):

- ❑ Observación participante e rexistrada.
- ❑ Entrevistas abertas e semiabertas.
- ❑ Cuestionarios.
- ❑ Análise de documentos (expedientes, documentos do propio centro, etc.).
- ❑ Diarios de aula.

Perillo, a 7 de Outubro de 2023

Xefa do Dpto. de Orientación

Asdo.:

Lorena Insua Gómez

9.1 INTRODUCCIÓN

Enténdese por **Atención a Diversidade** “[...] o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado” (*Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula á atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación*).

A atención a diversidade rexerase polos principios de normalización e inclusión, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.

O «Artigo 73. da LOMLOE recolle:

1. Enténdese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais, aquel que afronta barreiras que limitan o seu acceso, presenza, participación ou aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

2. O sistema educativo dispoñerá dos recursos necesarios para a detección precoz dos alumnos con necesidades educativas especiais, temporais ou permanentes, e para que poidan alcanzar os obxectivos establecidos con carácter xeral para todos os alumnos. Para ese efecto, as Administracións educativas dotarán a estes alumnos do apoio preciso desde o momento da súa escolarización ou da detección da súa necesidade.»

9.2 MARCO LEGAL

A **nivel estatal**, hai que facer referencia ás seguintes disposicións:

- ❖ Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- ❖ Lei Orgánica 3/2020, del 29 de diciembre, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

No seu Título Preliminar, artigo 1º, recollen os principios da educación entre os que se atopa a orientación educativa e profesional dos estudantes como medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en valores, destrezas e coñecementos.

- ❖ Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Ley Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión (Deroga a LISMI).
- ❖ Lei 6/2022, do 31 de marzo, de modificación do texto refundido da Lei Xeral de Dereitos das Persoas con Discapacidade e de inclusión social, aprobado polo R.D.Legislativo 1/2013, do 29 de novembro, para establecer e regular a accesibilidade cognitiva e as súas condicións de esixencia e aplicación.
- ❖ Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade.
- ❖ Lei 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia, participación, da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

A **nivel autonómico**, hai que facer referencia ás seguintes disposicións:

- ❖ Decreto 120/1998 que regula a orientación educativa e profesional. Ampliado pola Orde do 24 de xullo dese mesmo ano, establecendo no seu artigo 15º a estrutura do noso Plan de actuación.
- ❖ Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan as instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ❖ Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria. (obxecto das nosas funcións de traballo).
- ❖ Decreto 374/1996 polo que se establece o Regulamento Orgánico dos Centros de Educación Infantil e Primaria. (ao contar con centro adscrito destas características).
- ❖ Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- ❖ Decreto 229/2011 polo que se establece e regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da CCAA de Galicia.
- ❖ Orde do 8 de setembro de 2021, polo que se desenvolve o Decreto 229/2011 polo que se establece e regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da CCAA de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE 2/2006.

- ❖ Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ❖ Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- ❖ Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ❖ Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- ❖ Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se regula o Observatorio Galego de Convivencia Escolar.
- ❖ Resolución do 19 de xullo de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece a Rede de Acompañamento e Orientación persoal e familiar de Galicia (RAOGAL), creada con carácter experimental ao abeiro da resolución do 14 de xuño de 2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, para o curso 2022-2023.
- ❖ Resolución do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24.
- ❖ Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

9.3 ALUMNADO

A presente Programación de Apoio Educativo é elaborada para dar resposta educativa ao alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo (n.e.a.e.) por presentar necesidades educativas especiais (n.e.e.), dificultades nas aprendizaxes, por térense incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, ... para que poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

9.4 FUNCIÓNS DO PROFESOR DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

Baseándonos no Decreto 229/2011, considéranse o reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horario unha medida ordinaria de atención á diversidade e o apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe como unha medida extraordinaria, xa que a atención a este tipo de alumnado require modificacións significativas do currículo ordinario e/ou suponer cambios esenciais no ámbito organizativo, nos elementos de acceso ao currículo o una modalidade de escolarización.

Como profesora de apoio ás necesidades específicas de apoio educativo, especialista en Pedagogía Terapéutica, realizarei as seguintes funcións en base á lexislación vixente:

- Asistir ás reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Prestarlle atención directa ao alumnado de neae que así o requira, atención que, en xeral, levará a cabo no grupo no que está integrado.
- Colaborar coa xefatura do Departamento de Orientación na proposta de organización da docencia de apoio educativo.
- Colaborar, de ser o caso, na elaboración das Adaptacións Curriculares do alumnado, así como no seguimento e na avaliación delas.
- Participar na planificación e no desenvolvemento das actuacións e das medidas que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado.
- Participar nas sesións de avaliación que afecten a alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Elaborar, ao finalizar o curso escolar, un informe individual de cada alumna ou cada alumno ao que prestara apoio, coordinado pola Xefatura do Departamento de Orientación.

9.5 OBXECTIVOS

Ademais de traballar os obxectivos das Programacións de Área e de ser o caso dos recollidos nas correspondentes A.C.S. traballaremos os seguintes:

9.5.1 OBXECTIVOS DIRIXIDOS AO CENTRO E AO PROFESORADO:

-Participar na identificación, conxuntamente co resto dos membros do Departamento de Orientación do centro, das necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado, concretando as liñas de actuación e intervención pertinentes.

- Manter unha coordinación e comunicación fluída entre os mestres, os titores e os especialistas como garantía dunha liña común de actuacións e de traballo conxunto.
- Ofertar intervención, asesoramento e recursos materiais dispoñibles ao profesorado que atenda ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Cooperar e colaborar no seguimento e avaliación das Adaptacións Curriculares.
- Informar da evolución do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Asistir e participar nas xuntanzas avaliativas ofrecendo a nosa intervención e asesoramento sobre aspectos relativos ao alumnado.
- Detección temperá do alumnado con posibles dificultades e/ou atraso na aprendizaxe.
- Establecer, en colaboración co profesorado, a metodoloxía e a avaliación a seguir co alumnado, levando a cabo sesións de avaliación continua de forma conxunta.
- Establecer unha boa coordinación co E.O.E. e cos servizos externos para cubrir as necesidades do centro.
- Garantir a máxima coordinación entre todos os profesionais que participan no proceso de ensino-aprendizaxe dos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo.

9.5.2 OBXECTIVOS DIRIXIDOS AO ALUMNADO:

- Fomentar a autonomía persoal.
- Mellorar o autoconceito do alumnado.
- Contribuír ao desenvolvemento da madurez emocional dos alumnos/ as.
- Fomentar actitudes participativas.
- Traballar a linguaxe oral e escrita, expresión e comprensión, para lograr a autonomía do alumnado e así, poida acceder a os coñecementos das diferentes áreas evitando futuros fracasos escolares.
- Traballar a competencia matemática e a resolución de problemas para así ser capaz de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

- Axustar a resposta educativa a través dunha axeitada planificación e concreción de medidas de atención a diversidade.
- Realizar unha atención directa ao alumnado de necesidades específicas de apoio educativo a través de actividades individualizadas ou en pequeno grupo.
- Mellorar a integración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo no grupo-clase e no centro.
- Reforzar aprendizaxes das diferentes materias, a través de un traballo personalizado.
- Traballar os obxectivos das Adaptacións Curriculares Significativas.
- Traballar certos prerequisites básicos para a aprendizaxe (atención, percepción, memoria, razoamento...).
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e responsabilidade no estudo así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
- Usar as novas tecnoloxías como medio de aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran, así como un medio de lecer con uso responsable.

9.5.3 OBXECTIVOS DIRIXIDOS ÁS FAMILIAS:

- Intercambiar informacións dos alumnos/as sobre: comportamentos, hábitos de estudo, traballo,..
- Procurar as mesmas liñas de actuación respecto ás regras e normas de comportamento, de estudo e de traballo para xeneralizar as aprendizaxes.

9.6 CONTIDOS

Ademais dos correspondentes contidos nas diferentes Programacións de Área e os reflectidos nas A.C.S., traballaremos os seguintes:

- A autonomía e o autoconcepto persoal.
- O desenvolvemento da madurez emocional dos alumnos/as.
- A linguaxe oral e escrita.
- A competencia matemática: cálculo e razoamento.

-Educación emocional.

-As actitudes participativas.

-Os prerequisites básicos da aprendizaxe (atención, percepción, memoria, razoamento...).

-Hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e responsabilidade no estudo así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.

-As novas tecnoloxías como medio de aprendizaxe, desenvolvemento do espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran, así como un medio de lecer con uso responsable.

9.7 COMPETENCIAS CLAVE

As competencias teñen como finalidade integrar as diferentes aprendizaxes, tanto formais como informais, para permitirlle ó alumno integralas e poñelas en relación con distintos tipos de contidos e utilízalas de xeito efectivo cando lle resulten necesarias en diferentes situacións e contextos da vida práctica. Para isto debemos adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe.

As Competencias Clave a desenvolver tendo en conta as capacidades dos alumnos, serán:

- Comunicación lingüística.

A comunicación é un instrumento fundamental para o diálogo e a resolución de conflitos. Por tanto, para poder acadar este obxectivo é necesario desenvolver as habilidades de escoitar con atención; de respectar as ideas, opinións e sentimentos e de saber como expresarse de forma oral e escrita en diferentes situacións.

- Comunicación matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Informarse, aprender e comunicarse.

Utilizar e relacionar os números, as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático.

Producir e interpretar distintos tipos de informacións.

Resolver problemas relacionados coa vida cotiá.

- Competencia dixital.

Achegar as novas tecnoloxías ao alumnado de necesidades específicas de apoio educativo a través do ordenador, tablet,.. incorporando diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata o seu procesamento.

- Aprender a aprender.

Supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe.

Ser capaz de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo

- Competencias sociais e cívicas.

Búscase o desenvolvemento das HHSS, da intelixencia interpersonal e do respecto aos demais, para o cal se lle proporciona ao alumnado estratexias para poder desenvolverse en diferentes contextos e con diferentes interlocutores.

- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

Capacidade de elixir con criterio propio. Ir avanzando na toma decisións e eleccións, que vai ser fundamental nun futuro para a planificación do día a día e para o aumento da calidade de vida.

- Conciencia e expresións culturais.

Supón o desenvolvemento de habilidades para expresarse mobilizando os propios recursos creativos e para apreciar e gozar coas distintas manifestacións da arte e da cultura. Ademais, require dun forte sentido da identidade combinado cunha actitude respectuosa coa diversidade.

9.8 ACTIVIDADES

Estes alumnos realizarán, sempre que sexa posible, as mesmas actividades que as dos seus compañeiros de aula, adaptadas as súas capacidades. Se polo seu nivel de aprendizaxe ou polas súas especiais dificultades non puidera ser de este modo, aquelas serán adaptadas ás súas necesidades educativas (reflectidas na A.C.S) e, na medida do posible, vinculadas á aula ordinaria.

Na aula de apoio realizaranse as actividades que precisen unha atención individualizada ou recursos específicos que non se poidan empregar na aula ordinaria.

9.9 RECURSOS

Fan referencia a todos os elementos que constitúen medios ordinarios e específicos empregados para abordar o tratamento das necesidades educativas.

9.9.1 RECURSOS MATERIAIS

Distinguindo entre:

-Materiais de consulta: documentos lexislativos, material bibliográfico...

-Recursos materiais de traballo de Pedagogía Terapéutica, distinguindo entre os recursos ordinarios (ordenador, tablet, libros, páxinas web,...) e específicos cos que se conta para proporcionar unha resposta educativa acorde as características do alumnado.

9.9.2 RECURSOS HUMANOS

Pódese diferenciar entre: **internos**: O equipo directivo, profesorado titor, o profesorado especialista das distintas materias, a Xefa do Departamento de Orientación, o profesorado de apoio (Pedagogía Terapéutica), persoal da administración e servizos...

E os **externos**: asociacións das distintas necesidades educativas, COGAMI, os Servizos Sociais, os servizos do Concello, o Centro de formación e recursos do profesorado (CEFORE), os Equipos de Orientación Específicos, ...

9.9.3 RECURSOS ORGANIZATIVOS

-Fai referencia ás distintas reunións do Centro as que asisto como especialista de Pedagogía Terapéutica: C.C.P., claustro de profesores, co profesorado do alumnado ao que presto a apoio educativo, co D.O., etc

-Asistencia as sesións de avaliación.

-Titoría cos pais.

-Reunións con servizos externos ao Centro, co EOE, ...

9.10 METODOLOXÍA

As propostas curriculares referidas ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo implican tamén adaptacións na metodoloxía e nas actividades de ensino-aprendizaxe.

A **metodoloxía didáctica** será activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

A **metodoloxía** empregada debe ter en conta algúns puntos esenciais que faciliten o acceso ao curriculum destes alumnos:

- Asignación de distintos tempos para a realización das tarefas.
- Presentación da información nova por distintas canles (auditivo, acompañada de movementos, gráficos,...), relacionando as novas aprendizaxes cos coñecementos previos dos alumnos.
- Emprego de materiais didácticos e técnicos.
- Propoñer actividades graduadas en complexidade, que eviten o cansancio e a desmotivación.
- Dar sempre ao alumno instrucións claras e precisas do que ten que facer.
- Potenciar unha aprendizaxe significativa, motivadora e construtiva para o alumnado, na que primen as actividades participativas e activas onde o “suxeito sexa responsable da súa aprendizaxe”, partindo de experiencias cotiás do alumnado e do seu nivel real de competencias, potenciando situacións de aprendizaxe dentro da zona de desenvolvemento próximo.
- Facilitar, tanto na aula ordinaria como na aula de apoio, situacións ou experiencias de convivencia, que fomenten o respecto á diversidade de todo o alumnado.

Tendo en conta a situación que vivimos estes últimos anos deberemos ter presente o traballo da EDUCACIÓN EMOCIONAL.

9.11 AVALIACIÓN

A avaliación permitirá coñecer o grao de adquisición das aprendizaxes programadas, a consecución dos obxectivos e competencias clave e a identificación dos contidos nos que o alumnado amosa dificultades.

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das materias serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe que figuran nas súas Programacións de Área ou nas A.C.S.

Nos primeiros días do curso o profesorado levará a cabo a avaliación inicial do alumnado, que permite coñecer o punto de partida e as necesidades do contexto, e polo tanto establecer o plan de acción axeitado.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora.

No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o adecuado, poderanse establecer medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

A avaliación das aprendizaxes dos alumnos e das alumnas terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora, e deberá terse en conta desde todas as materias a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e do desenvolvemento das competencias correspondente. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe de cada unha delas.

Na avaliación dos alumnos teremos en conta as súas características persoais, o grado de capacidade para a consecución dos obxectivos propostos e o esforzo e motivación persoal.

Estableceranse reunións periódicas entre os distintos profesionais que traballan co alumnado e coas familias para levar a cabo un intercambio de información sobre a evolución e o grado de consecución dos obxectivos.

Nas actas de avaliación reflectiránse as Adaptacións Curriculares Significativas como A.C.S. para as áreas que as precisen.

Ao final de curso avaliarase tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino da miña propia práctica docente a través dunha Memoria Final de Curso.

9.12 ORGANIZACIÓN ESPAZO-TEMPORAL

O criterio xeral é proporcionar unha resposta educativa adaptada á diversidade de capacidades, intereses e ritmos de aprendizaxe dos alumnos, levando a cabo adaptacións a nivel de organización espacial e temporal.

A intervención de apoio educativo para o alumnado de necesidades específicas de apoio educativo do noso centro realízase preferentemente na aula ordinaria, co seu grupo de referencia, e só se leva a cabo na aula de apoio cando é preciso levar a cabo o proceso de ensino-aprendizaxe dunha maneira máis individualiza.

A planificación temporal e o deseño desta Programación é realizada para todo o curso académico.

No primeiro mes do curso establécese o alumnado que precisa apoios, a modalidade destes apoios, os agrupamentos e os horarios atendendo as necesidades identificadas e os recursos dispoñibles; sen prexuízo do carácter aberto, dinámico e flexible que teñen todas as medidas.

A proposta de horario e alumnado, que reciba apoio por parte da especialista de PT, farase tendo en conta distintos criterios de carácter pedagógico e didáctico e atendendo ás necesidades educativas de carácter individual que presenta o alumnado e ás características organizativas do propio centro.

Dicir, de todos modos, que tanto o horario como os agrupamentos teñen un carácter flexible e aberto e están suxeitos a revisións periódicas co fin de adecuarse o máis posible aos obxectivos propostos e ás novas necesidades que vaian xurdindo.

Perillo, a 7 de Outubro de 2023

Profesora de Pedagogía Terapéutica
Asdo.: María José Deive Rejo